

MUSEO UNIVERSITARIO A DOMUS DO MITREO

Material didáctico ESO



MUSEO
UNIVERSITARIO
A DOMUS
DO
MITREO

As vías romanas

Roma creou unha enorme rede de vías que conectaban todos os territorios do imperio. Esta rede foi moi útil para o exército, pero tamén facilitaba a administración, o comercio e mesmo un sistema estatal de correos.

- Fai clic **aquí** para ver un vídeo sobre as vías romanas en España e responde ás preguntas:

En que tres aspectos foron importantes as vías romanas?

Que anchura tiña unha vía romana?

Como se chamaba a vía que percorría a costa de Portugal e chegaba a Galicia?

Lembras o nome doutras vías importantes en Hispania?

Sabes que tipo de vehículos circulaban polas vías romanas?

Clica na imaxe para ver algúns medios de transporte romanos.



CALZADAS

Os materiais que usaban adaptábanse a cada terreo e tiñan sistema de drenaxe.



PONTES

Creáronse complexas obras de enxeñería para garantir o paso sobre os ríos.



PORTOS

As vías marítimas complementaban as terrestres e contaban con portos e faros.

A rede do Imperio


A medida que o imperio romano se estendía, íanse construíndo novas vías, chegándose a crear un eficiente sistema de comunicación. Desde Roma partían as principais calzadas que comunicaban co resto do territorio. Como os traxectos podían ser longos, en cada estrada había estacións de descanso, as “mansións” ou “mutationes”. Construíanse aproximadamente cada 20 millas, xa que era unha distancia fácil de percorrer.

Fai clic na imaxe para ver a rede de calzadas da época imperial en forma de mapa de metro.



- Que vías podías usar para ir de Lucus Augusti a Roma? E para ir de Lucus Augusti a Alexandria, en Exipto?
- Podíase chegar de Roma a Londinium, a antiga Londres? Como?
- Que vías partían de Roma? Fíxate na vía Appia, levaba ata o mar nun percorrido de 360 millas. Cantas estacións podía haber ao longo da vía?

Calzadas e miliarios



As vías romanas eran moi eficientes e mesmo tiñan unha anchura e unha pendente máxima similares ás estradas actuais. A construción dunha vía comezaba polo trazado, seguido da explanación do terreo e da cimentación do firme con grandes pedras. Despois estendíanse varias capas intermedias de area ou grava e finalmente estendíase a capa de rodaxe, feita con materiais como coios e area.

- Identifica as capas desta vía. De que materiais estaría feita cada unha?

Ao longo destas vías colocábanse miliarios para informar o viaxeiro da súa posición e da distancia en millas ata ao seu destino. Ademais, os miliarios deixaban constancia do nome do emperador baixo o que se realizaba a obra, como ves nas ilustracións.

Grazas a estes miliarios aínda é posible calcular percorridos polas antigas vías romanas. Probamos?


- Un miliario da vía XVIII marca 299 millas de Braga a Astorga. Se a milla romana equivale a uns 1480 m cantos km hai entre as dúas cidades?
- Canto se tardará en chegar de Braga a Astorga se a velocidade media para transporte rodado nunha calzada romana era de 30 km por hora?
- A distancia actual entre Lugo e Braga por estrada é de 260 km. Cantas millas indicaría un miliario moderno en Lugo?

DDNN
CONSTANTI
NOBILISSIMO
CAESARI
POSUIT
FLAVINVS
MILIARIVM
XXVIII

Os portos e o comercio

A rede viaria apoiábase con unións entre portos, tanto no Mediterráneo como no Atlántico. Isto permitiu establecer un fluído comercio no que se intercambiaban materiais e produtos de todo o mundo coñecido. A antiga Lugo contaba cunha vía que conducía ao porto de Brigantium, na actual Coruña.

- Fíxate no mapa. Que produtos saían de Galicia? Que produtos podían vir desde Roma? Que porto usarían os habitantes de Lucus Augusti para o comercio?



- Que produtos viñan principalmente do norte de África? Por que zonas entraba a seda que viña de oriente?
- Mira os portos destacados no mapa. Traza o roteiro marítimo que os unía para ver o percorrido das principais vías marítimas ata Gallaecia.

Explora o pasado



Se queres atopar máis información sobre vías de comunicación no imperio romano
proba estas ligazóns:

[CALCULA A DISTANCIA POR VÍAS ROMANAS](#)


[COMO SE CONSTRUÍA UNHA VÍA ROMANA](#)

[CALZADAS ROMANAS EN HISPANIA](#)

[CONSTRUCCIÓN DE PONTES ROMANAS](#)

A páxina web da Domus

Na nosa web vas poder atopar outras fichas...e moito máis!



A web da Domus do Mitreo lévate nunha viaxe a través do tempo para amosarche o pasado de Lugo. Nela podes atopar vídeos sobre o Lugo romano e descubrir como

se vivía nunha domus romana. Tamén podes coñecer ao deus Mitra e ver a súa historia contada de xeito sorprendente. Prepárate para mergullarte na historia.

- En que tres aspectos foron importantes as vías romanas? *As vías influíron en aspectos militares, económicos e culturais.*
- Que anchura tiña unha vía romana? *A súa anchura dependía da importancia que tivese, podía ser de entre 1,5 e 8 metros.*
- Como se chamaba a vía que percorre a costa de Portugal e chega ata Galicia? *Era a Vía Atlántica.*
- Lembras o nome doutras vías importantes en Hispania? *Outras vías importantes son: Vía Herleia, Vía Augusta, Vía da Prata, Vía do Norte, Vía do Centro, Vía Mesetaria e Vía Nova.*
- Que vías podías usar para ir de Lucus Augusti a Roma? *Un traxecto posible sería tomar a Vía Asturica Burdigalana ata Tarracoensis e despois coa Vía Augusta ata o final. Seguiríamnos pola Julia Augusta ata Luna, onde poderíamnos enlazar coa Vía Aurelia Ata Roma.*
- E para ir de Lucus Augusti a Alexandria, en Exipto? *Neste caso poderíamnos tomar a Vía Lusitanorum ata Hispalis, enlazar alí coa Vía Augusta ata Baelo Claudia e facer un transbordo polo roteiro martirio ata Tingis. Desde alí habería que seguir a Vía Claudia ata o final e xa estaríamnos en Alexandria.*
- Podíase chegar de Roma a Londinium, antiga Londres? *Si, é posible, tanto por terra como por mar Como? Por terra faríase tomando a Vía Aurelia dirección Luna, enlazando coa Vía Julia Augusta ata Arelate e tomando alí a Vía Flavia ata Cabillonum. Desde esta cidade, poderíamnos ir ata o porto de Gestoracum pola Vía Flavia III, tomaríamnos unha nave ata Dubris e a Vía Britanica levaríamnos a Londres. Se preferíamnos o roteiro martirio, deberíamnos ir ata o porto Ostia pola Vía Flavinia e embarcar cara a Dubris, desde onde seguiríamnos por terra seguindo a Vía Britanica.*
- Que vías partían de Roma? *As principais vías que parten de Roma e se van ramificando son: Aurelia, Cassia, Flaminia, Salaria, Tiburtina, Traiana, Popilia e Appia. Fixate na via Appia, levaba ata o mar nun percorrido de 360 millas. Cantas estacións podía haber ao longo da via? *Habería aproximadamente 18 estacións (unha media de 1 estación cada 20 millas: $360/20 = 18$)**
- Identifica as capas desta vía. De que materiais estaría feita cada unha? *A capa de rodaxe adoita ser de colos e area, as capas intermedias levaban area ou grava e a cimentación faíase con grandes pedras e terra.*
- Un miliario da vía XVIII marca 299 millas de Braga a Astorga. Se a milla romana equivale a uns 1480 m cantos km hai entre as dúas cidades *Habería 442,5 km ($299 \times 1,48 = 442,5$)*
- Canto se tardará en chegar de Braga a Astorga se a velocidade media para transporte rodado nunha calzada romana era de 30 km por hora? *Levaría unhas 14,7 horas ($442,5/30 = 14,7$ horas)*
- A distancia actual entre Lugo e Braga por estrada é de 260 km Cantas millas indicaría un miliario moderno en Lugo? *O miliario moderno indicaría 175,6 millas ($260/1,48 = 175,67$)*
- Que produtos saían de Galicia? Que produtos podían vir desde Roma? *De Galicia exportábase a Roma gran cantidade de metais, incluido o ouro. Desde Roma chegaban produtos como cerámica a todas as provincias do imperio. O porto máis próximo a Lucus Augusti era Ervantum, ao que se chegaba por unha calzada.*
- Que produtos viñan principalmente do norte de África? Por que zonas entraba a seda que viña de oriente? *O norte de África producía, principalmente, cereais, viño, aceite e sal. Desde alí exportábanse tamén animais exóticos, cabalos e algúns metais, como o ouro. O roteiro da seda facía chegar produtos de extremo oriente como seda e especlas ás zonas que hoxe son Turquía e Exipto.*
- Mira os portos destacados no mapa. Traza o roteiro marítimo que os unia para ver o percorrido das principais vías marítimas ata Galliaea. *Os roteiros marítimos romanos unían portos desde o Mediterráneo oriental ata o Atlántico. No mapa pódese trazar unha liña que une algúns deles.*

